

CASO 2

Empresa forestal

INFRAESTRUTURA

OFERTA

CLIENTE

Alianzas clave	Actividades clave	Proxecto de valor	Relación clientela	Segmento de Clientela
- Empresa de recollida de residuos - Empresas grandes do sector, para alugueiro de maquinaria - Xestoría	- Contacto coa clientela - Limpezas de montes - Poda - Plantación de cultivos forestais (Limpeza corta anterior, Raza, poda, plantación).	- Aumento da rendibilidade do monte - Xestión para o cumprimento da lei - Xestión do financiamento para a xestión do monte - Asesoramento para a xestión do monte - Coñecemento do terreo e da orografía e xeografía da zona - Posibilidade de axustar orzamentos, pola redución de perdas polo coñecemento do medio - Seriedade e profesionalidade - Rede de colaboradores do sector, que permitan un servizo áxil e completo - Cumprimento de prazos - Restauración de chans e actividades ecolóxicas	- Directa	- Comunidades de montes veciñais ou mancomunidades - Propietarios particulares - Administracións Públicas - Outras empresas de servizos forestais ou empresas madeireiras
	Recursos clave - Persoal: 1 persoa promotora e 2 traballadoras - Maquinaria - Ferramentas - Produtos (plantas, fitosanitarios, sementes, etc.) - Software de xestión - Oficina - Garaxe		Canles - Campaña publicitaria en prensa - Catálogos publicitarios en cd e dud - Directorios comerciais - Mailing - Banners Internet - Páxina web	
Estrutura de custos - Xestión de residuos - Subcontratacións (variable en función do proxecto) - Suministros (variable segundo proxecto: plantas, fitosanitarios, etc.) - Páxina web - Aplicacións TIC - Antivirus - Alugueiro das instalacións			Fluxos de ingresos - Limpezas de monte - Plantacións - Poda	

CASO 2

Empresa forestal

Alianzas clave

- Empresa de recollida de residuos
- Empresas grandes do sector, para alugueiro de maquinaria
- Xestoría

Actividades clave

- Contacto coa clientela
- Limpezas de montes
- Poda
- Plantación de cultivos forestais (Limpeza corta anterior, Roza, poda, plantación).

Recursos clave

- Persoal: 1 persoa promotora e 2 traballadoras
- Maquinaria
- Ferramentas
- Produtos (plantas, fitosanitarios, sementes, etc.)
- Software de xestión
- Oficina
- Garaxe

Proxecto de valor

- Aumento da rendibilidade do monte
- Xestión para o cumprimento da lei
- Xestión do financiamento para a xestión do monte
- Asesoramento para a xestión do monte
- Coñecemento do terreo e da orografía e xeografía da zona
- Posibilidade de axustar orzamentos, pola redución de perdas polo coñecemento do medio
- Seriedade e profesionalidade
- Rede de colaboradores do sector, que permiten un servizo áxil e completo
- Cumprimento de prazos
- Restauración de chans e actividades ecolóxicas

Relación clientela

- Directa

Canles

- Campaña publicitaria en prensa
- Catálogos publicitarios en cd e dvd
- Directorios comerciais
- Mailing
- Banners
- Internet
- Páxina web

Segmento de Clientela

- Comunidades de montes veciñais ou mancomunidades
- Propietarios particulares
- Administracións Públicas
- Outras empresas de servizos forestais ou empresas madeireiras

Estrutura de custos

- Xestión de residuos
- Subcontratacións (variable en función do proxecto)
- Suministros (variable segundo proxecto: plantas, fitosanitarios, etc.)
- Páxina web
- Aplicacións TIC
- Antivirus
- Mantemento das instalacións

Fluxos de ingresos

- Limpezas de monte
- Plantacións
- Poda

O prezo dos traballos calcúlase por ha, pero para este exemplo, téñense en conta proxectos pequenos, de tipo medio a un prezo fixo. Segundo as entrevistas, os prezos son os seguintes:

- Limpeza de montes: ten un coste entre 500 e 700€. O número de proxectos deste tipo estimado é de 144.
- Plantacións: ten un coste entre 400 e 600€. O número de proxectos deste tipo estimado é de 75.
- Poda: ten un coste entre 420 e 620€. O número de proxectos deste tipo estimado é de 23.

- Limpeza de montes:
 - Subcontratación de persoal ou maquinaria: 200 €
 - Gastos transporte: 50 €
 - Permisos, xestión de residuos, etc: 50€.
- Plantacións:
 - Subcontratación de persoal ou maquinaria: 100 €
 - Gastos transporte: 50 €
 - Custe das plantas, fitosanitarios, etc.: 50€.
- Poda:
 - Subcontratación de persoal ou maquinaria: 50 €
 - Gastos transporte: 50 €
 - Permisos, xestión de residuos, etc: 30€.

Salarios

- Persoa emprendedora: 1.214 euros brutos/mes, repartidos en catorce pagas, máis a SS.SS.
- 1 podador motoserrista: 1.071 euros brutos/mes cada un, repartidos en catorce pagas, máis a SS.SS.
- 1 peón forestal: 950 euros brutos/mes cada un, repartidos en catorce pagas, máis a SS.SS.

Conservación e mantemento: 1.000 euros/ano.

Subministracións

- Auga: 52 €/trimestre
- Electricidade: 91 €/mes
- Gasóleo: 100€/mes

Comunicacións: 84 €/mes

Servizos profesionais independentes

- Xestoría / asesoría: 100 €/mes
- Prevención de riscos laborais: 205 €/ano

Seguro de responsabilidade civil: 1.000 €/ano

Publicidade: 900 €/ano

Dietas: 600 €/ano

Gastos financeiros: inclúen os intereses anuais dun préstamo a un tipo de xuro do 3,9% a 8 anos, que financia 100.000 E.

Outros: 1.000 euros/ano.

CONCEPTO	IMPORTE
Equipos informáticos	1.000
Aplicacións informáticas	1.000
Mobiliario	6.000
Acondicionamiento do local e outras instalacións	20.000
Maquinaria	60.000
Vehículos de transporte	15.000
Mercaderías e materias primas	7.900

A persoa emprendedora financia o proxecto cunha achega de capital propio de 36.000 euros e un préstamo de 100.000 euros a 8 anos a un tipo de xuro do 3,9%